



Concello de Mazaricos

Asunto: Contratación dos integrantes da cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais.

DECRETO DE ALCALDÍA.

Vista a resolución de Alcaldía de data 13 de xullo de 2015 pola que se aproba a lista de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a contratación da cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais e ses sinalan as datas de celebración da proba práctica e de valoración dos méritos dos aspirantes.

Visto que a parte dispositiva de dita resolución establece que a proba práctica se celebrará o día 16 de xullo de 2015, as 9:00 horas da mañá e que a valoración de méritos se realizará o día 17 de xullo de 2015, igualmente ás 9:00 horas.

Resultando que motivos de organización administrativa impiden a celebración das probas nas datas previstas, pola presente **RESOLVO**:

Primeiro.- Convocar ós membros do tribunal e aos aspirantes admitidos para a celebración da **proba práctica de pericia no manexo do tractor-desborzadora** a que se refire a base 9ª, o venres día 17 de Xullo de 2015, ás 9:00 horas, na casa do Concello de Mazaricos. O desprazamento dos aspirantes ao lugar exacto de realización da proba será por conta do Concello.

O resultado da proba coa indicación dos aspirantes que acadan a calificación de apto ou non apto publicárase no taboleiro de anuncios do Concello no mesmo día.

Segundo.- Convocar ós membros do tribunal a para a reunión do mesmo, en sesión non pública, a efectos de valorar os méritos alegados e debidamente acreditados para a fase de **concurso** o luns, día 20 de Xullo de 2015 ás 10:00 horas na Casa do Concello de Mazaricos sita na Avenida 13 de Abril, 59 - A Picota.

Terceiro.- Dar publicidade a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal.

En Mazaricos a 14 de Xullo de 2014.

O ALCALDE – PRESIDENTE

Asdo. D. Juan J. Blanco Riveiro



A SECRETARIA, que dou fe.

Dª Ana Mª Reyes Cambre.

